

Novos aparatos ideolóxicos

O patriarcado de vixilancia



2 e 3 de novembro de 2022

SOCIEDADE DIXITAL E XENERO

Hackeando o patriarcado

4ª edición

Cátedra de Feminismos 4.0
DEPO - UVigo

 DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Universidade de Vigo

Os días 2 e 3 de novembro a Universidade de Vigo, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, organiza a cuarta edición do workshop «Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado», coa finalidade de reflexionar sobre as novas estratexias ideolóxicas patriarcais.

O seminario do día 2 desenvolverase en formato presencial e virtual. O obradoiro do día 3 será só presencial.

Asistencia presencial

As persoas interesadas en asistir persoalmente ao seminario do día 2 deberán desprazarse ata o edificio de Redeiras da Universidade de Vigo, na rúa da Ribeira do Berbés, núm. 11, Vigo.

Podes atopar a localización exacta coas súas coordenadas no seguinte mapa:

<https://bit.ly/LocalizacionWorkshop2022>

As persoas inscritas no obradoiro do día 3, deberán desprazarse ata a Facultade de Comercio da Universidade de Vigo (Rúa Conde de Torrecedeira, 105. Vigo). Podes atopar a localización exacta coas súas coordenadas no seguinte mapa:

<https://bit.ly/LocalizacionObradoiroCiberactivismo>

Inscripcións abertas no obradoiro do xoves 3

Confirma a túa asistencia no seguinte formulario:

<https://bit.ly/InscripcionObradoiroWorkshop2022>

Asistencia virtual

Se queres participar virtualmente, podes seguir o seminario en directo na seguinte ligazón:

https://bit.ly/Streaming_Workshop2022

Novos aparatos ideolóxicos: o patriarcado de vixilancia

A cuarta edición do workshop «Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado» da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo realiza unha reflexión sobre as novas estratexias ideolóxicas patriarcais para perpetuarse a través da misoxinia dixital organizada: a chamada manofera, machoesfera ou *manhood*, que está a actuar como un novo «aparato ideolóxico do patriarcado».

Este non é un fenómeno illado, senón que se trata doutra expresión de violencia fóra de liña (*offline*) contra as mulleres e reforza os estereotipos de xénero. É unha violencia instantánea, rápida, viral e omnipresente, artellada de forma organizada.

Nesta actividade, e da man de destacadas expertas, queremos convidar á reflexión ao redor das características deste terrorismo dixital misóxico. Estudaremos a súa gramática política e as súas consecuencias nocivas para a democracia e os dereitos humanos, ademais de analizar como condiciona a liberdade das mulleres na ágora dixital.

Polo tanto, é preciso garantir o estado de dereito no espazo dixital, regulado dende lóxicas democráticas e non por *big techs* privadas, escasamente comprometidas cos dereitos humanos. Neste obradoiro realizaremos unha diagnose e intentaremos achegar posibles medidas para mitigar este tipo de violencia.

10.00 - 10.15 **Apertura do acto coas autoridades**

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo
Carmela Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra

Presentadas por Mari Lires

Científica galega doutora en Química e profesora xubilada da Universidade de Vigo no Departamento de Didácticas Especiais na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.

10.15 - 11.00 **Patriarcado e capitalismo dixital**

Intervención de Remedios Zafra

Doutora e licenciada en Arte, licenciada en Antropoloxía Social e Cultural e cursou estudos de doutoramento en Filosofía política e Mestrado internacional en creatividade. Acreditada como catedrática en Arte e Humanidades en 2019. Entre 2002 e 2020 foi profesora titular da Universidad de Sevilla. Formou parte dos grupos de investigación Cultura Urbana (UNED), Escritoras e Escrituras (Universidad de Sevilla) e Teorías Estéticas Contemporáneas (Universidad de Cádiz). Foi premio Anagrama de Ensaio en 2017. No 2022 gañou o XXVIII Premio Internacional de Ensayo Jovellanos pola obra *El bucle invisible*.

11.00 - 11.45 **Pornografía online: unha nova educación na violencia**

Intervención de Mónica Alario Gavilán

Doutora Internacional en Estudos Interdisciplinares de Xénero con Mención de Excelencia e experta en violencia sexual e pornografía. En 2020 logrou o Primeiro Premio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero a teses doutorais sobre violencia contra a muller. É a autora de *Política sexual da pornografía. Sexo, desigualdade, violencia*, da Colección Feminismos de Editorial Cátedra.

11.45 - 12.05 **Descanso**

12.05 - 12.45 **Mesa redonda. Modera Águeda Gómez, directora da Unidade de Igualdade da UVigo.**

• **Elisa García Mingo. A manofera española e a onda antifeminista: da irreverencia á relevancia política**

Profesora axudanta e doutora no Departamento de Socioloxía: Metodoloxía e Teoría da Universidad Complutense de Madrid. As súas liñas de investigación sitúanse na socioloxía do xénero, a socioloxía da violencia, os estudos culturais e a metodoloxía da investigación social. Actualmente é investigadora principal do proxecto financiado pola Fundación de Axuda contra a Drogadicción «Novas na manofera: influencia das subculturas dixitais masculinistas na percepción da violencia sexual entre homes novos españois».

Foi relatora convidada ao acto de presentación do primeiro informe sobre violencias machistas dixitais do Observatorio Stop Machitroles.

• **Elena Alfageme. Construindo pensamento crítico: que podemos facer fronte aos discursos negacionistas machistas no mundo dixital**

Historiadora e antropóloga feminista. Conta cun máster en Cooperación Internacional, Migracións e Acción Humanitaria e título de especialista en Políticas Públicas, Xustiza e Autonomía das Mulleres. Na súa traxectoria coordinou proxectos e equipos de cooperación internacional e de coeducación, con especialización en igualdade de xénero, dereitos das mulleres e violencia de xénero, así como enfoques de interseccionalidade e feminismos decoloniais. É a responsable de xénero de InteRed, unha asociación que traballa en educación contra as violencias machistas.

• **María Teresa Piñeiro Otero. Se non calas verás. Violencias dixitais contra as mulleres xornalistas**

Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas e doutora en Comunicación pola Universidade de Vigo. É profesora do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña, onde imparte Ambientación sonora e musical no Grao de Comunicación Audiovisual. Publicou numerosos textos en publicacións académicas e monografías sobre comunicación radiofónica e sonora. Desenvolveu estancias de investigación na Universidade de Aveiro, na Universidade do Minho e na Universidade de Bos Aires. É coordinadora de Radio Sénior, iniciativa de capacitación mediática do Programa universitario para maiores da Universidade da Coruña.

• **Alba Alonso Feijoo. Machismo. Temporada 2022/23. En todas as túas plataformas. De pago. Mesmos contidos, diferentes estratexias**

Doutora en Filoloxía Inglesa e Mestrado en estudos ingleses avanzados. É conferenciante e formadora en seminarios educativos, colabora habitualmente en diversos medios de comunicación (radio, televisión, blogs educativos, revistas dixitais...) e escribe o blog *Realkiddys*. Algúns dos seus libros: *Carla non é Carla, senón Carlos e Martin is the best*.

12.45 - 13.15 **Debate. Interven a moderadora e as catro relatoras da mesa redonda.**

13.15 - 13.30 **Conclusións e clausura**

Águeda Gómez, directora da Cátedra de Feminismos 4.0 da Universidade de Vigo

M^a Victoria Alonso, deputada de Cultura e Igualdade da Deputación de Pontevedra

PROGRAMA

3 de novembro de 2022

17.00 - 19.30

Obradoiro

Reescribe o código.

Obradoiro de educación en ciberactivismo feminista.

Lugar: Facultade de Comercio da Universidade de Vigo (rúa do Conde de Torrecedeira, núm 105, Vigo, Pontevedra).

Impartido por 7H Cooperativa Cultural

Co fin de dotar dunha pequena base teórica e contextual a práctica artística, a primeira parte do obradoiro estará dedicada a realizar un pequeno estudo polas orixes e evolución do ciberfeminismo, atendendo ao emprego da arte e da contrapublicidade como estratexias discursivas por parte de diferentes activistas e colectivos. A continuación, poñeranse en práctica as diversas posibilidades que ofrecen ferramentas de comunicación visuais, como a ilustración, o vídeo ou contidos dixitais como os adhesivos, os GIF e os memes, para crear recursos creativos propios e subverter a violencia simbólica que o patriarcado produce e reproduce a través da esfera dixital. Os materiais artísticos dixitais resultantes poderán descargarse baixo a licenza Creative Commons para a súa difusión se as participantes así o estiman oportuno.

Características do obradoiro

- Público destinatario: estudiantado da UVigo e público xeral maior de 16 anos
- Número máximo de participantes: 12 persoas

Inscripción aberta no obradoiro

Confirma a túa participación no seguinte formulario:

<https://bit.ly/InscripcionObradoiroWorkshop2022>

Entidades promotoras

A Deputación de Pontevedra, xunto coa Universidade de Vigo, teñen como obxectivo, a través da creación da Cátedra de Feminismos 4.0, promover a igualdade, a non discriminación e accesibilidade universal das mulleres no ámbito das actuais sociedades da información. En concreto, a promoción e o impulso de actividades de investigación e innovación feminista en todos os ámbitos do coñecemento, priorizando os estudos relacionados coa dixitalización actual da sociedade e o ámbito das STEM (siglas en inglés de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), onde as mulleres están infrarrepresentadas e resulta un espazo cada vez máis relevante nas sociedades do futuro.

Máis información en: **Unidade de Igualdade - Universidade de Vigo**
Tfno.: 986 813 419 - igualdade@uvigo.gal

www.catedrafeminismos.gal